

FOLLA RESUMO DA PROGRAMACIÓN

DEP. DE LINGUA GALEGA IES X. FERRO COUSELO - CURSO 2023/24

- **MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA**
- **CURSO: 1º BACHARELATO**
- **PROFESORA: Mª BEGOÑA CALVO ÁLVAREZ**
- **LIBRO DE TEXTO: *Lingua galega e literatura*. 1º Bacharelato. Ed. Anaya.**

VINCULACIÓN TEMPORALIZACIÓN/ CONTIDOS	SABERES MÍNIMOS ESIXIBLES	INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E AVALIACIÓN
<p>1ª avaliación:</p> <p>Unidades 1 e 2</p> <p>Realizaranse 2 probas escritas</p> <p>setembro/décembro</p> <p>Obra de lectura: <i>A praia dos afogados</i>, de Domingo Villar.</p>	<p>- Distinguir entre comunicación animada e inanimada, e coñecer os sistemas non verbais, así como os distintos tipos de comunicación humana. Distinguir entre comunicación oral e comunicación escrita.</p> <p>- Comprender e explicar as características da linguaxe. Identificar os elementos do acto comunicativo. Localizar os ruidos que perturban os actos comunicativos e as redundancias que intentan contrarrestalos.</p> <p>- Identificar a intención comunicativa das mensaxes distinguindo as funcións da linguaxe</p> <p>- Comprender o concepto de signo lingüístico.</p> <p>- Discriminar linguaxe e lingua, e lingua e fala.</p> <p>- Expresarse oralmente e por escrito da forma correcta e adecuada.</p> <p>- Comprender un texto, resumer o contido, establecer o tema, analizar a estrutura, elaborar un comentario crítico.</p> <p>- Analizar as vantaxes, características e proceso de elaboración dun resumo.</p> <p>- Coñecer e diferenciar os conceptos de substrato, estrato e superestrato e identificar os da orixe do galego.</p> <p>- Identificar palabras patrimoniais, semicultismos e cultismos.</p>	<p>1ª, 2ª e 3ª AVALIACIÓN</p> <p>a) Probas sobre a materia: Realizaranse, sempre que for posible, dúas probas escritas, sobre os contidos de lingua e literatura. Este apartado representará o 80% da nota total.</p> <p>b) Probas das obras de lectura: 10% da nota total</p> <p>c) Táboas de indicadores: Expresión oral e escrita, comprensión oral e escrita, tarefas, seguimento na aula e traballo diario: 10 % da nota total da avaliación.</p> <p>As faltas de ortografía e outras incorreccións lingüísticas penalizarán segundo sexan leves (0.01), graves (0.05) ou moi graves (0.1) ata un máximo de 1 punto nos controis e exames de avaliación (e en todos os escritos corrixidos e avaliados, se a profesora o estima oportuno). Tamén penalizará a non utilización da lingua galega como vehículo de expresión oral na aula.</p>
<p>2ª avaliación:</p> <p>Unidades 3 e 4.</p> <p>Realizaranse 2 probas escritas</p> <p>xaneiro/marzo</p>	<p>- Identificar o substantivo e defíneo desde o punto de vista morfolóxico e sintáctico. Comprender a clasificación dos substantivos desde un criterio semántico. Coñecer as características do morfema de xénero. Identificar casos especiais de formación do xénero.</p> <p>- Coñecer as características do morfema de número no nome. Diferenciar os procedementos de formación do plural e os casos especiais.</p> <p>- Coñecer o adxectivo e clasifícalo desde diversos puntos de vista.</p> <p>- Usar e identificar a formación do grao comparativo nos adxectivos. Coñecer a formación do grao superlativo nos adxectivos. Distinguir entre superlativos</p>	<p>O uso de calquera caste de medio fraudulento (copiar) na realización de probas, actividades, comentarios de texto ou exames implicará a obtención automática dun cero (0) nesa proba, actividade, comentario de texto ou exame.</p>

<p>Obra de lectura: <i>Senlleiras</i>, de Antía Yáñez. Ed. Galaxia.</p>	<p>absolutos analíticos, sintéticos, e superlativos relativos. -Coñecer os períodos e movementos da nosa literatura. -Coñecer as características propias da lírica profana galego portuguesa, os límites cronolóxicos dentro dos que se inscribe e os xéneros, autores e intérpretes que cabe diferenciar.</p>	
<p>3ª avaliación: Unidades 5 e 6. Realizaranse mín. 2 probas escritas marzo/xuño Obra de lectura: <i>Erros e Tánatos</i>, de Gonzalo Navaza.</p>	<p>-Identificar e facer comentarios sobre as cantigas de Amigo segundo o esquema dado. -Expresarse oralmente e por escrito de forma correcta e adecuada. -Identificar e facer un comentario das cantigas de Amor segundo o esquema dado. - Analizar cantigas de Escarnio e de Maldicir, formal e tematicamente -Coñecer os xéneros menores. - Coñecer a tipoloxía das <i>Cantigas de Santa María</i> e sabe diferencialas. Comentar o contido das <i>Cantigas de Santa María</i>. - Coñecer as causas da decadencia da lírica galego-portuguesa. -Coñecer e identificar algunhas manifestacións da prosa literaria medieval galega. -Coñecer as mostras literarias galegas dos Séculos Escuros. -Coñecer os ilustrados galegos e a súa obra. Poder comentar o contido dun texto destes autores. -Elaborar un esquema das partes nas que se divide un poema segundo a súa estrutura interna. Analizar a estrutura externa dun texto poético. -Poder realizar un esquema para ter unha idea completa dos temas desenvolto nun texto. -Comprender as características e a estrutura dun texto dialogado. -Comprender as características e os tipos de textos descritivos. -Comprender e identificar as características, a estrutura, os elementos básicos e os tipos de texto narrativo. -Comprender as propiedades textuais e analizar un texto a partir delas. - Comprender un texto, resumir o seu contido, determinar o tema e establecer a súa estrutura.</p>	<p>d) <u>Probas de recuperación:</u></p> <p>1) ALUMNADO QUE NON TEN QUE RECUPERAR: No caso de que o alumno/a teña como nota media das tres avaliacións ordinarias unha nota igual ou superior a 5 (sobre 10) estará aprobado, independentemente de que teña algunha avaliación suspena.</p> <p>2) ALUMNADO QUE DEBE RECUPERAR: O alumno/a que non obteña de nota media un 5 ou superior (sobre 10) deberá recuperar as avaliacións suspensas en xuño cunha proba escrita que puntuará o 100%. Non haberá recuperación do libro de lectura obrigatoria. A nota resultante deste exame fará media coas avaliacións aprobadas durante o curso. No caso de ir con todo, esa é a nota final. As recuperacións faranse en xuño antes da FINAL.</p> <p>AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA</p> <p>A nota da avaliación final será a media aritmética das tres avaliacións ou, se é o caso, a nota da recuperación.</p> <p>Para superar a materia a cualificación debe ser igual ou superior a 5 (sobre 10). 7</p> <p>AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA</p> <p>Tras as probas de recuperación, o alumnado que non fose</p>

- Identificar morfolóxica e sintacticamente o pronome persoal.
- Coñecer e empregar axeitadamente as formas átonas de CD e CI, e a substitución pronominal xunto coa contracción dos pronomes átonos.
- Usar correctamente as formas do pronome *se* e identificar os seus valores.
- Identificar e usar correctamente o pronome de solidariedade e o dativo de interese.
- Indicar os diversos desprazamentos de significación dos pronomes átonos.
- Identificar e usar correctamente os artigos, demostrativos, posesivos, relativos, numerais e indefinidos; coñecer os valores especiais de demostrativos e posesivos.
 - Analizar a estrutura morfolóxica de formas verbais, identificando os seus compoñentes.
 - Conxugar con corrección os verbos regulares e con alternancia no radical; tamén os verbos irregulares. Identificar os valores dos modos e tempos nas formas verbais. Identificar e utilizar con corrección as formas nominais do sistema verbal.
- Identificar e clasificar as perífrases verbais e determina o seu significado.
- Identificar, clasificar e utilizar con corrección os adverbios e locucións adverbiais.
- Identificar e utilizar con corrección as preposicións e as conxuncións.
- Entender o contexto histórico do Rexurdimento e coñecer as principais manifestacións literarias da primeira metade do XIX: textos propagandísticos e textos literarios.
 - Coñecer a ideoloxía e a obra dos precursores do Rexurdimento.
- Caracterizar o movemento denominado Rexurdimento, coñecer os seus protagonistas e explicar as causas da súa aparición.
 - Coñecer a importancia de Rosalía na literatura galega. Coñecer a data, obxectivos, estrutura e temática de *Cantares gallegos* e de *Follas Novas* facendo comentarios de poemas de ditas obras.
 - Coñecer a importancia de Pondal na literatura galega. Coñecer os eixos temáticos de *Queixumes dos pinos* e facer comentarios de texto dalgúns poema deste libro.
 - Coñecer a vida, a obra e a importancia de Curros na literatura galega. Analizar e facer algún comentario dalgúns poema de *Aires da miña terra* e de *O Divino sainete*.
- Comprender as características, a estrutura e os tipos de texto expositivo e

avaliado positivamente na materia deberá presentarse a unha **proba extraordinaria de todos os contidos da materia**. Para superar a proba deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5 (sobre 10). As penalizacións por ortografía, etc, serán as mesmas que nas avaliacións ordinarias.

NOTA: O uso de calquera caste de medio fraudulento (copiar) na realización de probas, actividades, comentarios de texto ou exames implicará a obtención automática dun cero (0) nesa proba, actividade, comentario de texto ou exame.

	poder elaborar unha exposición.	
--	---------------------------------	--

